

Convocadas probas libres de obtención de títulos de FP LOE no 2017 en Galicia

A Consellería de Educación convocou as **Probas de obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de FP LOE** na Comunidade Autónoma de Galicia para o 2017.

O obxectivo destas probas é que as persoas participantes obteñan directamente algún dos títulos de técnico ou de técnico superior de formación profesional, sempre que demostren que alcanzaron os obxectivos establecidos no currículo correspondente.



Formación Profesional

REQUISITOS XERAIS DOS PARTICIPANTES:

- Ter 18 anos, para os títulos de técnico.
- Ter 20 anos, para os títulos de técnico superior, ou 19 no caso de posuír xa o título de técnico.
- Non estar matriculado/a en ciclos de FP nin ter causado baixa no presente curso académico.
- Excepcionalmente, logo de resolto o proceso de admisión, poderán acceder á realización das probas as persoas adultas que, sen cumpriren as condicións de acceso, poidan acreditar experiencia laboral equivalente ao traballo a tempo completo de dous anos nunha actividade laboral directamente relacionada co sector profesional do ciclo formativo correspondente.
- Non estar en posesión dun título de formación profesional declarado equivalente ao correspondente título de formación profesional.
- Excepcionalmente tamén poderán acceder ás probas as persoas matriculadas polo réxime de adultos para a superación de módulos do mesmo ciclo, sempre que: os teñan suspensos de cursos académicos anteriores e non se atopen matriculadas neles no curso académico de realización da proba, ata un máximo de tres módulos profesionais do mesmo ciclo formativo, sempre e cando non estean matriculadas neles no mesmo curso de realización da proba.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Do 17 ao 18 de abril de 2017 ata as 13'00h. Matrícula para módulos de ciclos con prazas liberadas: do 23 ao 31 de maio, por estricta orde de chegada.

LUGAR DE ENTREGA DE SOLICITUDES:

Na secretaría de calquera centro onde se oferten as probas libres.

RELACIÓN DE CICLOS E PRAZAS OBXETO DESTA CONVOCATORIA:

- [Oferta clasificada por familia e ciclo](#)
- [Oferta clasificada por provincia e concello](#)
- Relación de prazas vacantes para esta convocatoria 2016/2017. A matrícula é por orde de chegada dende o 23 ata o 31 de maio (enlace non activo polo momento).

CALENDARIO:

[*\(Enlace para imprimir\)*](#)

Calendario do proceso de admisión das probas libres de títulos de FP LOE Convocatoria: curso 2016-2017

Calendario para a admisión para as probas libres segundo o establecido na Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Solicitudes	
Presentación de solicitudes	17 ao 28 de abril ata as 13:00 h
Listaxe provisional de solicitudes	5 de maio
Reclamación contra a listaxe provisional	5 ao 9 de maio ata as 13.00 h
Listaxe definitiva de solicitudes	12 de maio
Admisión e matrícula	
Listaxe de persoas adxudicadas	15 de maio
Matriculación	15 ao 19 de maio ata as 13.00 h
Liberados e adxudicación continuada	23 ao 31 de maio ata as 13.00 h

**[ENLACE PARA ACCEDER Á TODA A
INFORMACIÓN.](#)**